

NOTA

**CONFERENCIA EDUARDO GONZÁLEZ CALLEJA
CICLO 100 ANOS DA GUERRA QUE CAMBIOU A SOCIEDADE**

12 DECEMBRO / 20.00h

FUNDACIÓN BARRIÉ. A CORUÑA

Relator: Eduardo González Calleja Profesor Titular de Historia Contemporánea, Universidad Carlos III de Madrid

Título: Niños de espías: a guerra encuberta das potencias belixerantes en España



Sobre a conferencia:

Aínda que España permanecese neutral na Primeira Guerra Mundial, non estivo totalmente á marxe. O país foi campo de batalla para os servizos de espionaxe dos dous bandos contendentes. Foron os propios belixerantes os que elixiron o territorio da península para librar unha guerra de espionaxe, sabotaxe e propaganda, unha guerra invisible, sen fronteiras, destinada a favorecer os seus intereses e a coidar a súa imaxe na opinión pública para preparar as condicións económicas da paz. Desencadearon sobre o territorio español unha loita desapiadada con medios legais e ilegais: bloqueo portuario e marítimo, guerra submarina, fornecemento dos belixerantes, violación de augas xurisdicionais, pero tamén difusión de rumores e mentiras, impresión de libelos no idioma do inimigo. En 1917, podía afirmarse que Madrid, Barcelona e os portos chegaran a ser «niños de espías» manipulados por servizos estranxeiros non sempre ben coordinados.

Sobre o conferenciante:

Eduardo González Calleja (Madrid, 1962) é doutor en Historia Contemporánea e profesor na Universidad Carlos III de Madrid. As súas investigacións versaron sobre a teoría e a historia da violencia política, a evolución dos grupos de extrema dereita e fascistas na Europa de entreguerras, as imaxes do Mediterráneo na cultura española, a acción política e cultural do franquismo e da monarquía democrática cara a América Latina, a emigración política española, a historia do deporte, a teoría e a historia do terrorismo, a historia dos instrumentos estatais de orde pública e a relación entre memoria e Historia. A súa última publicación é *Nidos de espías. España, Francia y la Primera Guerra Mundial (1914-1919)* (Madrid, 2014).

Patrocina:

Ligazóns de interese:

<http://histagra.usc.es/gl/nova/3947f58fc1cf/>

<http://www.fundacionbarrie.org/gl/actividades/conferencias-e-seminarios/814-conferencias-100-anos-de-la- guerra-que-cambio-la-sociedad>

Máis información:

Grupo de Investigación HISTAGRA
Departamento de Historia Contemporánea e América.
Praza da Universidade, 1.
15782 Santiago de Compostela
histagra@usc.es
881812734

Fundación Barrié
Cantón Grande, 9
15003 A Coruña. España
Tel: + 34 981 22 15 25
Fax: + 34 981 22 44 48

Patrocina:



DEPARTAMENTO DE HISTORIA
CONTEMPORÁNEA E DE AMÉRICA